

# IDEAS PARA HOMILÍA

## 2 MAIO 2021

### ÚNETE Á VIDE VERDADEIRA

#### 1. VER: Recargar e conectar

- É algo que facemos habitualmente: recargamos a batería do móbil ou da tablet para que sigan activos e funcionen. Pero fai falta tamén conectar co servidor, que haxa boa cobertura.

*Que pasa se non temos batería ou cobertura?  
Onde cargas as túas baterías?*

#### 2. XULGAR: Á Vide verdadeira, únete. Darás froito

- Estes domingos, Xesús Resucitado estanos axudando a coñecelo: as lecturas indícanos que é Alegría, Paz, Pan, Palabra, bo Pastor.... Hoxe dinos: *“eu son a VIDE e vós os BACELOS; o meu Pai é o labrador; o que permanece UNIDO a min e eu a el, ese dá FROITO abundante, porque sen min non podedes facer nada...”* Escóita o evanxeo:

Xn 15, 1-8, película:  
<https://www.youtube.com/watch?v=zF0SeltwUOs>

**QUE NOS QUERE DICIR** agora que as vides están verdeando?

- Que a cepa, o tronco, é o que dá o zume ás ramas. **Xesús é a cepa e nós somos as ramas, os bacelos**; se estamos unidos a El, coas raíces nel, seremos fecundos, **daremos bos froitos**: viviremos cheos de alegría, de inspiración, ou como nos di I Xn 3: *“creremos nel”, “amaremos de verdade, con obras” e “gardaremos os seus mandamentos”*.

- Xesús quere dicirnos: **eu son a túa fonte de alimentación**, se te unes a min cargarei as túas baterías, terás luz e enerxía, enchereite de amor e de paz, darás o mellor de ti mesmo? Se non te unes a min vivirás apagado, fóra de cobertura? Recordádeo os das primeiras comuñóns.
- Non convén esquecer que as cepas necesitan o rego da auga, do sol, dos nutrientes. **Necesitas regar a túa unión con Xesús** coa oración, a eucaristía. Deixa que Xesús coar no corazón, feito pan, feito viño, feito alegría e amor.
- Pero para que a vide dea máis froito hai que deixarse podar, desprendernos do que nos estorba, cortar os malos hábitos e pecados.

*Como poderías vivir máis unido a Xesús?  
Que deberías podar máis?*

**Reflexiona: Quero estar contigo:**

<https://www.youtube.com/watch?v=8ixiBusMmfg&t=2s>

### **3. ACTUAR: Conéctate a Xesús, recarga a túa vida**

- Non te esquezas de vivir “enchufado” a Xesús. Vive preto del, que non che falte a cobertura da súa Palabra e do seu Espírito.
- Dá grazas pola parroquia ou a comunidade que nos une a Xesús e por tantas persoas que son o rostro de Xesús resucitado hoxe e son un exemplo para nós: pais, catequistas, sacerdotes...
- Transmitamos a todos a alegría de estar unidos á Vide: a alegría de Xesús, a alegría de María, a alegría da Igrexa que é Comunidade do Resucitado.

***Que imos facer?***

Canto: Como o bacelo á vide:

<https://www.youtube.com/watch?v=rWxHSe4wp4E>

# LECTURAS

**FEITOS 9, 26-31:** *El contoulles como vira o Señor no camiño.*

Naqueles días, chegado Paulo a Xerusalén, trataba de xuntarse cos discípulos, pero todos lle tiñan medo, porque non se fiaban de que fose discípulo.

Entón Bernabé, tomándoo consigo, presentouno aos apóstolos e el contoulles como vira ao Señor no camiño, o que lle dixera e como en Damasco actuara valentemente no nome de Xesús.

Saulo quedou con eles e movíase con liberdade en Xerusalén, actuando valentemente no nome do Señor.

Falaba e discutía tamén cos helenistas, que se propuxeron matalo. Ao decatarse os irmáns, baixárono a Cesarea e enviárono a Tarso.

A Igrexa gozaba de paz en toda Xudea, Galilea e Samaría. Íase construindo e progresaba no temor do Señor, e multiplicábase co consolo do Espírito Santo.

*Palabra do Señor.*

**SALMO 11:**

*O Señor é a miña loanza na grande asemblea.*

**I XOÁN 3,18-24:**

*Este é o seu mandamento: que creamos e que amemos.*

## **XOÁN 15,1-8:**

***O que permanece en min e eu nel, ese dá froito abundante.***

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«*Eu son a verdadeira vide, e o meu Pai é o labrador. A todo bacelo que non dá froito en min arríncao, e a todo o que dá froito pódao, para que dea máis froito.*

*Vós xa estades limpos pola palabra que vos falei; **permanecedes en min**, e eu en vós. Como o bacelo non pode dar froito por si, se non permanece na vide, así tampouco vós, se non permanecedes en min.*

***Eu son a vide, vós os bacelos; o que permanece en min e eu nel, ese dá froito abundante; porque sen min non podedes facer nada. Ao que non permanece en min tírano fóra, como o bacelo, e sécase; logo recóllenos e bótanos ao lume, e arden.***

*Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que desexades, e realizarase.*

*Con isto recibe gloria o meu Pai, con que deades froito abundante; así seredes discípulos meus».*

Palabra do Señor.

*(Narrador-Xesús)*